

ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓN DE NATACIÓN POLOS CLUBES E CAMPIONATOS GALEGOS

Tempada 2025/26. Circular 25-05.

Organización de competición de natación polos clubes

Todas as competicións oficiais organizadas en Galicia estarán reguladas polas normativas correspondentes.

Os Clubes adscritos á Federación Galega de Natación, teñen o dereito a organizar polo menos unha competición de ámbito local (ligas benxamín e alevín) ao longo da tempada deportiva, para elo deberán poñer en coñecemento da Federación nos prazos establecidos, a súa dispoñibilidade de instalacións e organización. A coordinación de todas as competicións locais organizadas polos clubes corresponde á Federación, que será a que en definitiva decida datas e sedes coa colaboración dos clubes e atendendo ás posibilidades arbitrais.

Os clubes interesados na organización de Campionatos Galegos e competicións de ámbito zonal deberán remitir unha solicitude á Federación nos prazos establecidos regulamentariamente, e será a Xunta Directiva da FEGAN quen decida as sedes, agás cando a normativa da competición indique outra cousa.

Obrigas dos clubes organizadores

Calquera clube organizador dunha competición deberá:

- Dispoñer da piscina polo menos unha hora e media antes do comezo da competición a menos que o regulamento específico indique outra cousa.
- Confeccionar as series e os resultados da competición conforme á regulamentación establecida pola FEGAN (utilizando o programa de competicións) ou aboar o importe correspondente a súa elaboración. En calquera caso deberá imprimir as series.
- Enviar as series aos demais clubes participantes e á FEGAN antes das 20:00 do xoves anterior á competición, agás nos Campionatos Galegos. Estas series son para comprobación de inscricións e previsión de baixas. O club organizador deberá entregar os xogos de series establecidos por regulamento o día da competición a os clubes participantes.
- Designar un responsable da organización.
- Dispoñer dun locutor.
- Dispoñer de todo o persoal colaborador necesario en función da competición de que se trate. (En Campionatos Galegos responsables de entrega de documentación, entregas de medallas, etc. e en competicións con equipo de cronometraxe electrónico, persoal de axuda para armar e desarmar o mesmo).
- Dispoñer do material seguinte:
 1. Cronómetros suficientes (6/8/10) en función do número de estaxes e un máis para o xefe de cronos, que poidan rexistrar tempos parciais, e amais dos cronómetros que poidan rexistrar múltiples tempos parciais para ser utilizados polo cronometrador volante.

2. Campás e marcadores de longos cando sexan probas de 800 ou 1500 metros.
 3. Os xogos de series que sexan necesarios para o xurado principal e auxiliar da competición e para os equipos participantes.
- Para Campionatos Galegos:
 1. Dispor de impresora para os resultados en campionatos con eliminatorias e finais.
 2. Reservar, si e posible, un espazo en lugar preferente para a venda de material deportivo polos patrocinadores da FEGAN.
 3. Se é posible, persoal necesario para a sinalización na cabeceira da piscina, como conta-voltas, nas probas de 800 e 1500 libre.

Obrigas de todos os clubs

En todas as competicións, agás nos Campionatos Galegos, nas que se disputen as probas de 800 ou 1500, os clubs que inscriban nadadores nas mesmas deberán facilitar persoal (poden ser nadadores) para a sinalización na cabeceira da piscina, como conta-voltas, tantos como nadadores inscritos.

Os clubs participantes nas competicións deberán aboar á Federación as cotas que se indican a continuación:

Liga Benxamín**	540 €	
Liga Alevín**	540 €	
Liga Infantil**	185 €	
Liga Galega de Clubes	415 €	
Copa Galega Prebenxamin	85 €	
Copa Galega Benxamín	170 €	
Campionatos Galegos de natación Alevín, Infantil, Júnior, Absolutos, Copa España clubs 2ªD	30 € por club + 15 € por nadador inscrito	
Campionato Galego de Longa Distancia*	30 € por club + 15 € por nadador inscrito e reserva que participe	
Torneo Selecciones Norte-Sur	15 € por nadador inscrito	
Campionato Galego Augas Abertas*	15 € por nadador inscrito	
Circuíto Galego de Augas Abertas	25 € por nadador inscrito de clubs non galegos.	
Campionatos Galegos Máster*	30 € por club + 15 € por nadador inscrito	
Liga de Natación Máster**	235 €	
Campionatos OPEN Natación e Augas Abertas para participantes de fora de Galicia (30 € por club +)	Probas individuais:	Primeira: 15 €
		Segunda: 8 €
		Terceira e sucesivas: 3 €
	Probas remudas (por club e proba)	16 €

A partir da tempada 2024-25 e sucesivas, integrarase dentro dos gastos correspondentes á organización das competicións o pago de 20€ por fin de semana ás persoas encargadas de elaborar as convocatorias de CGA que se corresponden cos labores de confección das diversas convocatorias, recepción do pago por parte da Federación e posterior liquidación das mesmas a cada unha das persoas convocadas, así como todo o resto de funcións implícitas a labores administrativos realizados por todo este persoal do CGA.

Ante a dificultade de establecer este custo de forma anticipada a Federación asumirá o mesmos durante toda a tempada e, unha vez acabada esta, facturarse aos clubs a parte correspondente.

Os clubs organizadores de polo menos 3 competicións oficiais da FEGAN, estarán exentos dese pago, sendo repartido entre o resto de clubs.

Nestas competicións, a Federación farase cargo do pagamento dos gastos derivados das arbitraxes, persoal federativo, que fosen necesarios. A confección de series e resultados nas ligas de idades, liga galega de clubs, liga galega máster, copa benxamín e copa prebenxamin, será responsabilidade dos clubs organizadores con cargo a Federación, que abonará para elo a cantidade de 60€ por sesión, para o cal, o club organizador deberá enviar unha factura á FEGAN nos 15 días seguintes á celebración da competición. Calquera outro gasto será por conta do club organizador.

As cotas deberán ser aboadas no momento en que se realiza a inscrición.

* O clube organizador estará exento do pagamento das inscricións.

** Nas ligas galega de natación benxamín, alevín, infantil e máster, os clubs organizadores terán ao final da tempada unha bonificación correspondente ao porcentaxe de xornadas organizadas, sendo este importe reintegrado ao remate da tempada os mesmos. A contía bonificada os clubs organizadores será repercutida entre os clubs inscritos en cada correspondente liga que non houbesen organizado ningunha das xornadas das que se compón a liga. Quedarán exentos do reparto de custos os clubs organizadores que na tempada en curso non poidan dispor da instalación por motivos de obras/reformas pero que si organizaron nas derradeiras 4 tempadas.

Penalizacións

A partir da tempada 2025-26, comezase a cobrar unha penalización de 4€ por cada inscrición cambiada/engadida, e de 15€ por cada non presentado nos seguintes Campionatos Galegos:

- Campionato Galego Absoluto Inverno.
- Campionato Galego Alevín de Inverno e Verán.
- Campionato Galego Infantil de Inverno e Verán.
- Campionato Galego Junior Inverno e Copa Sénior.
- Campionato Galego Junior e Absoluto de Verán.

Competicións locais/comarcais non incluídas no calendario oficial (tomas de tempos)

Os clubs poderán solicitar a organización de tomas de tempos, para elo deberán dirixir a solicitude realizada no impreso destinado ao efecto á Federación (ver **ANEXO I**) antes dos 20 días previos á celebración da mesma. A Federación comunicará a resposta ao clube organizador nun prazo de 5 días, avisando tamén en caso afirmativo ao Comité de Árbitros para que realice a convocatoria correspondente.

Enténdese que nestas competicións non haberá clasificación nin entregas de trofeos, xa que en dito caso

consideraríase como Trofeos (punto seguinte)

No impreso da solicitude deberá figurar a duración da competición. Os dereitos de arbitrase serán de 25€ para unha duración máxima de dúas horas e media. A partir de dita duración aboaranse 5€ por cada media hora ou fracción adicional.

En canto se dispoña das series da competición estas deberán ser remitidas á FEGAN.

O clube organizador correrá con todos os gastos da organización, debendo realizar o correspondente ingreso na conta da federación cunha antelación de 15 días á celebración da competición.

Trofeos propios dos clubes

A entidade organizadora do Trofeo dirixirá a solicitude á FEGAN para a inclusión do mesmo no calendario oficial polo menos 20 días antes da súa celebración. A FEGAN comunicará a resposta ao clube organizador nun prazo de 5 días, avisando tamén en caso afirmativo ao Comité Arbitral para que realice a convocatoria correspondente. A solicitude deberá estar acompañada polo regulamento da Competición así como unha estimación da duración das sesións. Na mesma, indicarse tamén a persoa que exercerá como director da competición.

Deberá indicarse tamén o ámbito do Trofeo co obxecto de asignar o xurado correspondente (local/comarcal ou territorial/nacional). No caso de trofeos de ámbito territorial, polo menos o xuíz árbitro e o xuíz de saídas deberán ser xuíces territoriais. Se a competición e de ámbito nacional ou internacional, o xuíz árbitro e o xuíz de saídas deberán ser xuíces nacionais. En todos os casos, o xurado estará composto conforme o indicado na circular correspondente.

En canto se dispoña das series da competición, estas deberán ser remitidas á FEGAN.

O clube organizador correrá con todos os gastos da organización, debendo realizar o correspondente ingreso na conta da federación cunha antelación de 15 días á celebración da competición.

Na solicitude indicarse tamén a duración das sesións. Os dereitos de arbitrase serán de 25 € por sesión para unha duración máxima de tres horas. A partir de dita duración aboaranse 5 € por cada media hora ou fracción adicional.

Os clubes que o soliciten poderán facer uso da cronometraxe electrónica da FEGAN aboando as cotas indicadas na circular correspondente.

Campionatos de España

O Clube/entidade organizador dun Campionato de España, deberá asinar coa FEGAN un convenio coas condicións xerais que se establecerá en base ao Campionato do que se trate, no momento de solicitar a sede de dita competición á RFEN.

A Coruña, xullo de 2025

Anexo I

Impreso de solicitude de toma de tempos. Pode ser descargado no apartado impresos da web da FEGAN.